



*Praza do Concello, s/n*

*27100 A Fonsagrada (Lugo)*

*Tel.: 982 34 00 00*

*Fax.: 982 34 00 01*

## Bases do “4º Certame de Escaparates e Decoración de Nadal para establecementos comerciais 2022 da Fonsagrada”

### 1 Introducción:

Dentro da campaña de Nadal e co obxectivo de dinamizar e fomentar o comercio e o sector servizos na nosa localidade, dende o Concello da Fonsagrada convócase o “4º Certame de Escaparates e Decoración de Nadal para establecementos comerciais” 2022.

### 2 Obxectivos:

O presente concurso, ten por obxecto promover a creatividade do pequeno comercio do noso Concello, premiando aos negocios con mellor decoración de Nadal e que proporcionen un mellor ambiente festivo, fomentando as actuacións de promoción e animación que atraian ao público a visitar os negocios do municipio nesa época. A través desta campaña conseguese que estas empresas sexan atractivas aos visitantes e veciño/as e se visualice a calidade dos seus produtos e servizos.

### 3 Temática:

O tema a desenvolver na decoración dos escaparates será relativo as Festas de Nadal. A técnica e o estilo utilizado serán totalmente libres.

### 4 Participantes:

Poderán participar no concurso todo os establecementos comerciais abertos ao público no Concello da Fonsagrada, calquera que sexa a súa actividade. Cada establecemento só poderá participar no concurso cun único escaparate. Deberán ter o establecemento regularmente aberto durante todo o ano. Para a realización deste certame terán que presentarse a concurso un mínimo de 10 establecementos comerciais.

### 5 Lugar e prazo de inscricións:

Os interesados en participar neste concurso deberán realizar a súa inscrición segundo o formulario do ANEXO I das presentes bases. Enviarse dito formulario por correo electrónico xunto cunha foto coa mellor calidade posible do escaparate ou negocio decorado a [escaparatesfonsagrada@gmail.com](mailto:escaparatesfonsagrada@gmail.com) como data límite o 14 de decembro do presente ano. Así mesmo no momento de presentar a súa solicitude de inscrición daráselle un cartel anunciador que o acredita como participante neste concurso. A inscrición será gratuita.



*Praza do Concello, s/n*

*27100 A Fonsagrada (Lugo)*

*Tel.: 982 34 00 00*

*Fax.: 982 34 00 01*

## 6. Compromiso dos Participantes:

Os establecementos que participen no certame estarán identificados cun cartel e deben manter a decoración de nadal dende o día 15 de decembro de 2022 ata o 7 de xaneiro de 2023. Dita decoración dos escaparates e negocios gardará relación directa co Nadal.

## 7. Composición do xurado:

O xurado será designado polo Concello de A Fonsagrada.

## 8. Criterios de valoración:

O xurado, na súa labor de selección dos premiados do presente concurso, valorará fundamentalmente os seguintes criterios:

- Iluminación
- Orixinalidade
- Montaxe
- Complexidade
- Estética
- Creatividade
- Ambientación de Nadal
- Atractivo Comercial

## 9. Visitas de Valoración

O xurado realizará visitas os escaparates e negocios participantes, en horario comercial sen previo aviso a partir do 16 de decembro ata o 6 de xaneiro para valorar os criterios que se establecen no punto 8 destas bases. De dita visita se levantará acta, a efecto de deixar constancia das valoracións efectuadas polo xurado.



*Praza do Concello, s/n*

*27100 A Fonsagrada (Lugo)*

*Tel.: 982 34 00 00*

*Fax.: 982 34 00 01*

#### 10. Premios:

Despois da visita do xurado, este designará e fará público os establecementos que, a xuízo do mesmo, resultaron gañadores do certame.

Os premios serán tres diplomas aos 3 comercios finalistas e as seguintes cantidades económicas:

Premio á mellor iluminación: 300€

Premio á mellor ambientación de Nadal: 300€

Premio ao máis orixinal : 300€

Os galardóns non son acumulables. Entregaranse en metálico.

#### 11. Veredicto do concurso e entrega de premios:

O veredicto do xurado farase público nas redes sociais do Concello e na web <http://www.afonsagrada.org/>. Os gañadores serán avisados telefonicamente. O acto de entrega será unha mañá na Casa Consistorial e se instalará nos escaparates gañadores un cartel informativo sobre a concesión de dito premio.

Os establecementos participantes autorizan publicar a fotografía do escaparate nas redes sociais da entidade municipal durante as datas de desenvolvemento do certame.

O xurado pode declarar deserto este certame por motivos xustificadas e deixar sen efecto a concesión do premio.

#### 12. Aceptación das bases e publicidade da convocatoria:

A participación neste certame supón a aceptación das bases, así como o veredicto do xurado e a cesión ó Concello de A Fonsagrada dos dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación sobre as imaxes previstas na lexislación sobre a Propiedade ou a súa edición dixital, así como calquera outro medio, todo isto sen ánimo de lucro, e pola duración máxima permitida pola citada lexislación da Propiedade Intelectual. Para o non establecido nas presentes bases, aceptárase o disposto pola Concellería de Cultura e Turismo. A organización poderá introducir, se o cre necesario, as modificacións que estime oportunas para o bo funcionamento do concurso.



*Praza do Concello, s/n*

*27100 A Fonsagrada (Lugo)*

*Tel.: 982 34 00 00*

*Fax.: 982 34 00 01*

### 13. Protección de datos:

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais é o Concello de A Fonsagrada con enderezo en Praza do Concello, S/N, CP 27100, A Fonsagrada (Lugo). Os datos persoais serán empregados para a correcta xestión neste certame organizado polo Concello. Os seus datos persoais non se cederán, salvo que exista unha obriga legal para elo.

Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita na dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello:

<https://concelloafonsagrada.sedelectronica.es/dossier.2>

Asdo.: José Ángel Fernández Carrín  
Tenente Alcalde da Corporación  
(Documento asinado e datado dixitalmente á marxe)

**ANEXO I SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO 4º CERTAME DE ESCAPARATES E DECORACIÓN DE NADAL PARA ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS****1. DATOS DO ESTABLECEMENTO OU EMPRESARIO**

Nome e apelidos e Razón social					
NIF/NIE/CIF					
Domicilio					
C.P.		Municipio			
Teléfono				Móbil	
Enderezo electrónico					

**2. SOLICITA PARTICIPAR NESTE CERTAME DE ESCAPARATES E DECORACIÓN DE NADAL PARA ESTABLECEMENTOS**

En A Fonsagrada, a ..... de ..... do ano .....

(Firma)

**8. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS**

<b>Responsable</b>	Concello de A Fonsagrada
<b>Finalidade</b>	Tramitación de expedientes administrativos.
<b>Lexitimación</b>	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos.
<b>Destinatarios</b>	Non se ceden datos a terceiros, salvo imperativo legal.
<b>Dereitos</b>	De conformidade cos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679 do parlamento europeo e do consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas, así como os artigos do 12 ao 18 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, os afectados contan cunha serie de dereitos no tratamento dos seus datos persoais, a saber: dereito de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade e oposición.
<b>Información adicional</b>	Pode consultar información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte ligazón: <a href="https://www.aepd.es/">https://www.aepd.es/</a>